

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A CRUZ VERMELLA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN E INSERCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU DE TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN. "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU"

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

O pasado 21 de xullo de 2020 o Consello Europeo aprobou o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe, como elemento central, un "Mecanismo de Recuperación e a Resiliencia" (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en gobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España, que, á súa vez, foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.



O Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2021, autorizou os criterios de distribución de fondos para o exercicio 2021 dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito de políticas activas de emprego para o financiamento de proxectos de investimento no marco, entre outros, do compoñente 23 "Novas políticas Públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo". Investimento 2 "Emprego Muller".

Unha das actuacións que corresponde desenvolver ás Comunidades Autónomas, dentro do devandito compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, é a de incorporar a perspectiva de xénero nas políticas públicas de apoio á activación para o emprego, a través dos Eixos nos que se integran os obxectivos e o conxunto dos servizos e programas desenvolto polos Servizos Públicos de Emprego nos Plans Anuais de Política de Emprego.

O compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aborda importantes retos estruturais no mercado laboral. Así a segunda inversión "Empleo mujer y transversalidad de género en las políticas públicas de apoyo a la activación para el empleo", establece un Programa de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación, e supón a posta en práctica dun programa novo para mulleres con especial vulnerabilidade.

A CRUZ VERMELLA conta cun ampla traxectoria e experiencia en proxectos de emprego para mulleres con especiais dificultades ao seu acceso, xerando oportunidades de activación laboral e de capacitación para que as mulleres en situación de vulnerabilidade consigan a súa participación e inclusión no mercado laboral.

O obxecto do convenio é o deseño, desenvolvemento, realización e seguimento do Programa de formación e inserción para mulleres vítimas de de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación, cuxo obxectivo é



a atención personalizada ás mulleres que participen e cuxo fin último é mellorar a súa empregabilidade.

O programa desenvolverá actuacións de carácter persoal, social, formativas, de prospección empresarial e de inserción laboral.

Os obxectivos específicos programa serán que as mulleres participen realizando in itinerario de inserción social e laboral, que alomenos 23 da mulleres completen dito itinerario e que 14 sexan insertadas laboralmente á finalización do programa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

